



MANUEL XOSÉ LORENZO PENELA, SECRETARIO ACCIDENTAL DA MANCOMUNIDADE DA
ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO,

CERTIFICO: Que na sesión da Xunta de Goberno desta Mancomunidad da Área
Intermunicipal de Vigo 21 de agosto de 2009, adoptáronse entre outros acordos, o
seguinte:

5. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O
PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CREACIÓN DUN SERVIZO QUE
DESENVOLVA DÚAS FERRAMENTAS: UNHA PARA O **SOPORTE CENTRALIZADO** DOS
SISTEMAS INSTALADOS POLO PROXECTO MOVESE-EM@IV E OUTRA PARA **BDUAC** (BASE
DE DATOS UNIFICADA DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA) DO PROXECTO E-M@IV.

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO. Con data 27 de febreiro de 2009, pola xerente da Mancomunidad
da Área Intermunicipal de Vigo, detectouse a necesidade de realizar a contratación
do servizo que desenvolva dúas ferramentas: unha para o soporte centralizado dos
sistemas instalados polo proxecto MOVESE-EM@IV e outra para BDUAC (Base de datos
Unificada de Atención á Cidadanía) do proxecto E-M@IV e considérase como
procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO. Con data 9 de marzo de 2009, emitíuse unha orde de servizo
interno de presidencia para redactar os correspondentes Pregos de Cláusulas
Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, realizar a retención de
crédito e emitir informe de fiscalización polo Interventor, emitir informe sobre a
Lexislación aplicable, o procedemento a seguir, o Prego de Cláusulas Administrativas
Particulares e sobre a tramitación do expediente a través desta Orde de Servizo
Interno polo Secretario.

TERCEIRO. Con data 10 de marzo de 2009, redactouse e incorporouse ao
expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de
Prescricións Técnicas.

CUARTO. Con data 10 de marzo de 2009 emitíuse Informe por Secretaría
sobre a Lexislación aplicable, o procedemento a seguir, o Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares e sobre a tramitación do expediente a través da Orde de Servizo Interno de 9 de marzo de 2009.

QUINTO. Con data 23 de marzo de 2009 a xerente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo emite un informe-proposta para elevalo á Xunta de Goberno sobre a ratificación da Orde de Servizo ditada pola Presidencia do 9 de marzo, a aprobación do expediente por procedemento negociado sen publicidade, o gasto, os Pregos de Cláusulas Técnicas e Administrativas Particulares e a solicitude de tres ofertas como mínimo.

SEXTO. Con data 7 de abril de 2009, o Interventor emitiu Informe de fiscalización do expediente e con data 8 de abril realizouse a retención de crédito oportuna.

SÉTIMO. Procedeuse a modificar a redacción dos correspondentes pregos e, incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas con data 20 de abril de 2009.

OITAVO. Con data 22 de abril de 2009, o Interventor emitiu Informe do expediente.

NOVENO. Procedeuse a modificar a redacción dos correspondentes pregos e, incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas con data 8 de maio de 2009 que han de rexer a adxudicación do contrato.

DÉCIMO. Na xunta de goberno do 21 de maio de 2009 adoptouse, entre outros acordos, a ratificación da Orde de Servizo Interno de 9 de marzo de 2009, ditada pola presidencia para dar inicio como órgano competente ao procedemento de contratación do servizo citado, a aprobación do expediente por procedemento negociado sen publicidade, a autorización do gasto que supón a adxudicación deste contrato, a aprobación dos pregos correspondentes e a solicitude de ofertas polo órgano de contratación, ao menos a tres empresas.

UNDÉCIMO. Con data 25 de maio de 2009 emitíronse invitacións para presentar ofertas ás seguintes empresas:

- Altia Consultores S.L.
- Coremain



- e-gim
- Idom (Invitación do 28 de maio de 2009)
- Imatia
- Informática El Corte Inglés
- Integal (Informática e Novas Tecnoloxías de Galicia, S.L.)
- Level Telecom, S.L.
- Satec (Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A.)
- Tecnomcom (Tecnomcom Telecomunicaciones y Energía, S.A.)
- Wurth Software y Servicios

DUODÉCIMO. Con data 16 de xuño de 2009 emitiuse informe da Directora Administrativa da MAIV coas ofertas presentadas: Coremain e Imatia.

DÉCIMO TERCEIRO. Con data 18 de xuño de 2009 constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e esta, comproba os contidos dos Sobres A declarando admitida a proposta de Imatia e concedendo un prazo de 3 días para que a empresa Coremain subsane os defectos observados tal e como reflicte a acta correspondente.

DÉCIMO CUARTO. Con data 25 de xuño de 2009 constituíuse a Mesa de contratación, e esta, comproba a documentación solicitada á empresa licitadora Coremain para a subsanación dos defectos observados e considera que están subsanados os mesmos, declarando admitidas todas as ofertas. A continuación procedese á apertura do Sobre B e comproba as ofertas económicas e calendarios de traballo, solicitando informe técnico de valoración á coordinadora do proxecto E-M@IV.

DÉCIMO QUINTO. Con data 22 de xullo de 2009 constituíuse a Mesa de contratación, e esta, unha vez lido o informe técnico de valoración da coordinadora do proxecto E-M@IV no que se motiva por que non se valorou a oferta de Coremain e se conclúe que a oferta da empresa Imatia é a única valorada alcanzando a puntuación de 60 puntos sobre 100, determina propoñer a adxudicación provisional á empresa Imatia por un prezo de 55.300 euros (ive incluído) e un prazo de execución de 16 semanas.

DÉCIMO SEXTO. Con data 22 de xullo de 2009, a xerente da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo emite un informe-proposta para elevalo á Xunta de Goberno sobre a adxudicación provisional deste contrato.

DÉCIMO SÉPTIMO. Con data 23 de xullo de 2009 o Interventor emitiu Informe de fiscalización do expediente e realizouse a autorización sobre retención de crédito oportuna.

DÉCIMO OITAVO. Na xunta de goberno do 24 de xullo de 2009 adoptouse, entre outros acordos a adxudicación provisional do expediente a favor da empresa Imatia Innovation,S.L. (CIF: B36499960).

DÉCIMO OITAVO. O 27 de xullo de 2009 publicouse no Perfil de Contratante do órgano de contratación a adxudicación provisional deste contrato tal como se acordou na xunta de goberno da MAIV do 24 de xullo de 2009.

DÉCIMO NOVENO. O 29 de Xullo de 2009 enviáronse as notificacións de adxudicación provisional ás empresas licitadoras requiríndolle, nesa notificación, á empresa adxudicataria Imatia Innovation,S.L. (CIF: B36499960), a presentación da documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e a constitución da garantía definitiva.

VIXÉSIMO. Con data 10 de agosto de 2009, recibíronse no rexistro da Mancomunidade de parte do adxudicatario provisional Imatia Innovation, S.L. (CIF: B36499960), os documentos xustificativos de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Agencia Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social, así como xustificación da constitución da garantía definitiva a través de aval número 0557.3000000909 por importe de 2.383,62 € co número de operación 262/2007 do Estado.

VIXÉSIMO PRIMEIRO. Con data 19 de agosto de 2009 constitúese a Mesa de contratación, e esta, unha vez examinada a documentación do expediente, determina propoñer a adxudicación definitiva á empresa Imatia Innovation, S.L. (CIF: B36499960).

Examinada a documentación do expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, tendo en conta todo o anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno a seguinte



PROPOSTA:

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de “Servizo que desenvolva dúas ferramentas: unha para o soporte centralizado dos sistemas instalados polo proxecto MOVESE-EM@IV e outra para BDUAC (Base de datos Unificada de Atención á Cidadanía) do proxecto E-M@IV” aprobada pola Xunta de Goberno na sesión celebrada con data 24 de xullo de 2009 e publicada no Perfil de Contratante o día 27 de xullo de 2009.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á partida 9110 2270600 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar a adxudicación definitiva aos candidatos que no resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a D. Fernando Vázquez Núñez, representante da empresa Imatia Innovation,S.L. (CIF: B36499960), adxudicataria do contrato, o acordo de adxudicación definitiva e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar dentro do prazo dos dez días seguintes á data de celebración da Xunta de Goberno na que se acorde a adxudicación definitiva.

QUINTO. Publicar a adxudicación definitiva do contrato no Perfil de Contratante.

SÉXTO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

VOTACIÓN E ACORDO

Quedan aprobados por unanimidade os acordos propostos e para que conste, expido o presente certificado de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente, coa salvedade establecida no artigo 206 do R.D. 2568/1986, en Vigo a 21 de agosto de dous mil nove.

Vº e pr.
O PRESIDENTE

Abel R. Caballero Álvarez

